

Assemblea
General 2024

Assemblea
General 2024

2024ko Batzar
Nagusia

Assemblea
Xeral 2024

Punto da orde do día: 10

Proposta de desenvolvemento da figura de socia colaboradora financeira

ÍNDICE

Contexto da proposta	2
Proposta	2
Pregunta a someter a votación:	4

Contexto da proposta

O contido actual dos estatutos da cooperativa está repartido en 9 escrituras notablemente diferentes: a escritura de constitución orixinal e as resultantes dos diferentes cambios aprobados pola Asemblea Xeral durante os 15 anos de andamento da cooperativa.

Estes estatutos prevén a existencia de socias colaboradoras. Porén, esa figura non está desenvolvida e polo tanto non se pode aplicar.

Esta proposta pretende lograr 2 obxectivos:

- Dispor da figura xurídica da socia colaboradora financeira plenamente aplicable, de tal xeito que poidan participar na cooperativa entidades que queiran achegar capital ao proxecto pero que non cumpran las condicións para ser socias de consumo.
- Desenvolver (ou, se non se aproba, eliminar) a figura de socia colaboradora para poder inscribir un texto refundido dos estatutos da cooperativa.

Proposta

Socia colaboradora é a persoa física ou xurídica, pública ou privada, que sen levar a cabo a actividade cooperativizada principal colabora na consecución do obxecto social da cooperativa (participa en actividades de carácter auxiliar, secundario, accesorio ou complementario á actividade principal, ou achega capital).

Na Lei de Cooperativas de Cataluña prevense dúas tipoloxías:

- **Socia colaboradora financeira:** só achega capital e a normativa permite limitar os seus dereitos políticos e que os estatutos establezan que non teña dereito a voto na Asemblea Xeral, nin polo tanto representación no Consello Reitor.

- **Resto de socias colaboradoras:** teñen que colaborar na consecución do obxecto social da cooperativa mediante a participación en actividades de tipo auxiliar, secundario, accesorio ou complementario. Si teñen dereitos políticos.

Propomos desenvolver a figura de **socia colaboradora financeira** coas seguintes características:

- **Admisión:** corresponde ao Consello Reitor mediante **a firma dun acordo de colaboración** no que se acordarán as condicións, achegas voluntarias, etc. que non estean nos estatutos e que se poidan individualizar. Os acordos de colaboración poden ser diferentes para cada socia colaboradora financeira.
- Obriga de **permanencia mínima de 5 anos**.
- **Baixa voluntaria:** Unha vez superado o período de permanencia, poderá darse de baixa voluntariamente como socia da cooperativa avisando por escrito ao Consello Reitor con 3 meses de antelación. A baixa terá efecto a partir da súa aceptación polo Consello Reitor. O incumprimento do preaviso considerárase como baixa non xustificada.
- Achega obrigatoria ao capital social: **1.000€**
- **Imputación de perdas:** Poden imputarse ata o 50 % das perdas da cooperativa ao Fondo de Reserva Obrigatorio (FRO), poden imputarse a totalidade das perdas ao Fondo de Reserva Voluntario irrepatriable, e a cantidade non cuberta por estas reservas será satisfeita polas socias da cooperativa coas súas achegas ao capital social en proporción á súa participación da actividade cooperativizada.

Proposta de imputación de perdas das socias colaboradoras: **0 %**

Pregunta a someter a votación:

¿Aprobas o desenvolvemento da figura de socia colaboradora financeira coas seguintes características esenciais?

Require, para aprobarse, dunha maioría cualificada de 2/3 de votos favorables. Se votas "non" ou "abstención", o teu voto equivale a eliminar a figura de socio colaborador dos estatutos.

Achega obrigatoria ao capital social:	Ponderación do voto na asemblea:	Participación no Consello Reitor	Imputación de perdas
1.000€	0%	0%	0%